

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

Constante e continuo

22.08.2010 Agustín Fernández Paz remata un libro de contos de misterio mentres vacaciona no Pazo de Lestrove

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

O noso escritor de literatura xuvenil máis recoñecido, Agustín Fernández Paz, necesita tranquilidade para escribir. O estrés é un xerme que extingue as ideas. Incombustible, xubilado e vivindo unicamente da escrita, está a rematar un libro de relatos de misterio titulado *As fronteiras do medo* e xa ten ganas de que chegue setembro para comezar unha nova novela.

Como está a pasa-lo verán?

Agora mesmo estou no Pazo de Lestrove. Levamos aquí uns sete ou oito días, é un sitio realmente tranquilo. Trouxen a novela que quero comezar e algo fixen pero non moito. O resto do verán estiven en Vigo e en Vilalba, fun de visita á que era a casa da miña familia. Durante o verán estiven escribindo un conxunto de contos de misterio que deixei practicamente acabados.

De que trata este proxecto?

Son cinco contos, relatos de medo e de misterio que fun facendo ó longo deste verán. O título que lle puxen é *As fronteiras do medo*.

Vese practicando o Xacobeo?

Non, síntoo moito pero esta temporada non vou a Santiago. Amigos que viven aí dixéronme que era mellor non aparecer porque había moita xente, entón deixarémolo para cando os turistas se vaian.

Que lle gusta máis do verán?

Estáboo comentando coa miña dona. En días coma hoxe, estas horas nas que o tempo parece inacabable e as tardes son longuísimas. Parece que o tempo non discorre. Para escribir tamén é unha época moi agradecida porque eu adoito escribir pola mañá, cedo, e ata que xa hai que cambiar de actividade e incorporarse ó mundo real tes unhas horas moi boas para escribir tranquilo coa fresca de pola mañá.

O verán é especial ou é unha estación coma as demais?

Cada estación ten o seu. Sacando a etapa na que os días son moi curtos, dende decembro a febreiro, o resto das estacións paréceme que todas teñen o seu. O outono paréceme marabilloso. Agora estou xubilado, a miña única profesión é escribir e podo facelo tanto nun mes coma noutro. O único inconveniente pode ser que están tódolos sitios moi cheos e non é tan agradable viaxar coma noutros momentos.

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Tomar cañas, seguro. Gústame a praia, pero entre as alternativas prefiro as cañas se hai sombra. A praia tamén está ben, pero resúltame máis atractivo se hai unha boa compañía.

Que está lendo e vendo estes días?

Estou rematando un libro ambientado no sur dos Estados Unidos nos anos 20 chamado *A voda*, de Carson McCullers. É un libro francamente bonito, da autora doutros libros coma *O corazón é un cazador solitario*. Este verán ademais vin moitas películas, pero non no cine. Nas salas só vin *Origen*, pero no televisor vin varias. Durante o ano en condicións normais vexo bastante.

E practica algún deporte?

Como non sexa camiñar algo e nadar, non fago ningún deporte específico.

A literatura para un escritor é de vez profesión e hobby?

É que se non fora un hobby, no sentido de que é algo que che gusta e non algo que fas un día si, outro non... O traballo de escritor esixe constancia e continuidade. Por exemplo, este libro de relatos non se fai a salto de mata, esixen rigor, unha disciplina horaria. Tamén é certo que é un traballo que se fai con gusto, e cando realmente estás metido detrás dunha historia é moi satisfactorio notar que vas avanzando.

O escritor sempre ten un libro baixo o brazo?

Un libro para ler, dende logo. E se non estás escribindo un novo, si estás na cabeza cun novo. Os libros primeiro fanse na cabeza, ten que ir madurando a semente, que é o que me está a pasar coa novela que comezarei en setembro. Se non estás en plena escrita estás en proceso de asentala na cabeza no mundo que será a novela.

En vacacións aparecen boas ideas para próximos traballos?

As ideas veñen en calquera momento sempre que non esteas estresado. Pola miña experiencia, o único momento no que se che veñen ideas son forzadas é cando a vida te estresa e non podes te-la cabeza descansada para a creación. Despois o problema é o tempo para plasmarlas no papel, pero ideas felizmente abundan, e en tempos de vagar e de calma veñen mellor.

Con quen compartiría un espazo virtual?

De escritores, que os admiro moito, por quedar con un gustárame ter unha conversa, con esas cervexas das que falabamos, con Franz Kafka na Praga daqueles tempos. Hai unha actriz cinematográfica que se chama Julianne Moore que é guapa pero sen ser espectacular, pero que me ten abraiado porque varias das películas que ten feito son extraordinarias.

Custa arrincar o primeiro día de escritura tralas vacacións?

Non, no meu caso non porque tampouco me fun dous meses ó Nepal. É máis, mesmo diría que estou desexando que empece setembro para meterme nesta novela que quero iniciar.

Nome: Agustín Fernández Paz

Lugar de nacemento: Vilalba (Lugo)

Año de nacemento: 1947

Obras: *As flores radiactivas* (1990), *Lonxe do mar* (1991), *Raparigas* (1993), *Cartas de inverno* (1995), *O laboratorio do doutor Nogueira* (1998), *Aire negro* (2006), *A dama da Luz* (2009)...

Premios: Premio Merlín 1989 por *As flores radiactivas*, Premio Lazarillo por *Contos por palabras* (1991), Premio Edebé por *Trece anos de Branca* (1994), Premio Raíña Lupa por *Cos pés no aire* (1999), Premio Xosé Neira Vilas por *O único que queda é amor* (2007)...

Ademais: É autor de libros de textos de lingua e literatura galega (ademais foi profesor da mesma en Vigo ata a súa prexubilación hai dous anos), foi membro do Gabinete de Estudos para a Reforma Educativa da Consellería de Educación...

